

Lingua e Administración

A SENTENCIA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL SOBRE A LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Temos para nós que das resolucións das tres sentencias do Tribunal Constitucional sobre as leis de normalización lingüística de Euskadi, Catalunya e Galicia, a más grave é a que declara inconstitucional o inciso “o deber de coñecelo” do apartado 2 do artigo 1 da lei galega, polo que supón de fixación dunha interpretación que restrinxe a eficacia da oficialidade do galego en relación coa do castelán. Tal pronunciamento implica unha serie de cuestións:

1. A posibilidade de “ter consagrado” ou “consagrar” no futuro o deber de coñecemento no Estatuto por mor da remisión do art. 3.2 in fine da Constitución.

2. A oficialidade segundo o T.C. non implica a imposición do deber de coñecemento xeral, senón só o recoñecemento polos poderes públicos como medio normal de comunicación en e entre eles e na súa relación cos suxeitos privados con plena validez e efectos xurídicos. Neste senso esténdese a todo o territorio no que se establece a oficialidade, sen ter en conta o carácter (estatal, autonómico ou local) dos poderes públicos.

3. O deber de coñecemento (xeral e individualizado) concrétese na presunción válida (iuris et de iure) de coñecemento (non se liga directamente co sistema educativo xeral), e é o carácter distintivo do rexime do castelán a diferencia das demais linguas oficiais.

4. É inherente á cooficialidade nos territorios onde exista a utilización dunha ou outra lingua por calquera dos poderes públicos neles radicados (usando unha soa, ámbalas dúas conxuntamente ou calquera das dúas indistintamente), e esta opción dos poderes públicos só está condicionada polos dereitos dos cidadáns (pola opción dos cidadáns que prima sobre a do poder público).

A outra gran cuestión que se debatía nestes recursos é a das competencias en materia lingüística; a este respecto o Tribunal Constitucional formula unha interpretación tamén complexa pero más flexible ou ampla (en relación coa devanida do estatuto xurídico de oficialidade) que poderíamos esquematizar así:

1. As liñas fundamentais do modelo de pluralismo lingüístico español son as fixadas directa e expresamente pola Constitución e os respectivos Estatutos de Autonomía.

2. O poder central pode regula-las garantías básicas da igualdade no uso do castelán perante tódolos poderes públicos así como as do cumprimento do deber do coñecemento do castelán, pero non pode regular con carácter xeral, nin sequera as bases da oficialidade das demais linguas propias das Comunidades Autónomas; esta materia só poden normala os poderes autonómicos co límite das reservas constitucionais expresas de competencias atribuídas ó poder central.

3. Tódolos poderes públicos están obrigados polo mandato constitucional de respeito e protección de tódalas linguas españolas, oficiais e mesmo non oficiais. As Comunidades Autónomas poden enuncia-lo dereito dos cidadáns a utilizar a lingua oficial da súa elección e o conseguinte deber de tódolos poderes públicos (estatais, autonómicos e locais) radicados na Comunidade de se adaptar a este dereito. Noutros termos, a Comunidade Autónoma pode regula-lo alcance inherente do concepto de cooficialidade en relación con tódolos poderes públicos que actúen nese territorio, o que non pode facer é a ordenación concreta da súa posta en práctica para os órganos dependentes do poder central, que só a este lle corresponde.

Para os que traballamos nunha Administración Pública é de especial importancia o que di o T.C. en relación co artigo 6.1 da lei vasca no 5º apartado do fundamento xurídico 8º da sentencia sobre a lei do euskera, onde, logo de deixar claro que o dereito a usar unha lingua significa o dereito a non ser rexeitadas as comunicacións que se dirixan a calquera ente público na lingua oficial elixida, engade “a dificultade xorde se por “ser atendidos” se entende o dereito a que a Administración Pública conteste ós cidadáns na lingua oficial elixida por eles. Porque a oficialidade dunha lingua implica en definitiva que en certos casos os poderes públicos deban levar a

SUMARIO

PÁX.	
Sentencia do tribunal constitucional sobre a Lei de Normalización Lingüística	1
O Concello de Catoira, a Dirección Xeral de Administración Local e Gobernación e o artigo 11 da Lei de Normalización Lingüística	2
O MARCO XURÍDICO:	
Poboación e Territorio. I.	3
A lei cambiaria e do cheque. As linguas no tráfico mercantil	4
TERMINOLOGIA:	
Cuestións xerais (e III)	5
Modelos de documentos notariais	7
BIBLIOGRAFIA	11
CUESTIONS DE GRAMATICA:	
O xénero dos nomes	12
Algunxs aspectos da conxugación verbal (I)	13
O emprego dos signos de puntuación (II). A coma	13
MODELOS DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS:	
Declaración complementaria de conducta cidadá	15
NOVAS:	
II Congreso Internacional da Lingua Catalana	16

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Díaz Abraira
Xermán García Cancela
Xosé González Martínez
Mercedes Penoucos Castiñeiras
Xosé Torres Romar

DESEÑO

M. Janeiro
F. Mantecón

IMPRESOR

Artes Gráficas Galicia, S.A.
Rúa Segovia, 15 - VIGO
Depósito Legal: 186 - 1985

EDITA “ASOCIACION DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA DE GALICIA”.

(Subvencionado polo Concello de Narón)

cabo a súa actuación e a súa relación co cidadán nesa lingua, cando é o interesado quen a elixe e cando se preveron os medios para facelo... O dereito a ser atendido en euskera, cando nesta lingua se inicia e impulsa o procedemento, é consecuencia lóxica da cooficialidade e a súa negación suporía o mantemento dun "status" inferior... da lingua, á utilización da cal, nas súas actuacións, se negase a Administración... E se a utilización do euskera, no seu caso, polos administrados, pode ocasionar dificultades no seo da Administración, tanto estatal coma autonómica, tales dificultades son resultado dunha decisión constitucional e non poden ser motivo para converter a esta en irrelevante". Mais, logo de admiti-lo establecemento dun derecho subxectivo a ser respondido na lingua oficial elixida, o T.C. di que, se é distinta da castelá, se lles deixá unha marxe ós poderes públicos para poñé-los medios e remové-las dificultades. O maxistrado Rubio Llorente no seu voto particular a esta sentencia vén dicir que este criterio de progresividade baleira de contido o derecho formalmente enunciado, pois ó non se estableceren obrigas inmediatamente esixibles, en vez dun derecho público subxectivo, o único que se establece é unha simple expectativa, e isto lévanos á necesidade de que se fixen prazos concretos (o que non ocorre na lei nin na práctica galega), consignando os presupostos precisos, creando os órganos e as institucións necesarias para dirixi-lo proceso e prepara-lo persoal... E nada disto fixo ata agora a Xunta de Galicia, nin o 99% dos Concellos galegos, nin o 100% da Administración periférica do Estado no noso país.

Tamén é moi importante o fundamento 14 da sentencia sobre a lei do euskera, no que se argumenta a constitucionalidade do artigo 14 da devandita lei (recorrido a diferencia do sucedido co artigo 11 da lei galega, que é ben similar), relativo ós requisitos idiomáticos nas probas de selección de persoal e mais á formación lingüística do persoal das Administracións Públicas. Deste asunto teremos que ocuparnos máis de vagar en posteriores números desta Revista.

Quizais de menor transcendencia pero tamén relevante pola situación concreta que se dá en Galicia (en relación cos cursos de lingua galega sen programación nin regulación que se están a impartir a funcionarios e cidadáns) é a cuestión das titulacións en materia de lingua propia a efectos administrativos, asunto que tamén cómpre estudiar detidamente.

Nós imos tratar aquí das reaccións xeradas polo pronunciamento do Tribunal; a nós a sentencia (as tres sentencias) non nos alegra e dende logo parécenos moi grave e moi perigosa para o futuro normalizado do noso idioma, cremos que o factor de desequilibrio que se establece en desfavor do estatuto xurídico da nosa lingua ó non se admiti-lo deber de coñecemento que se predica do castelán ten e vai ter moitas implicacións difíctulosas; ademais estimabamos que dos antecedentes do debate de elaboración da Constitución debe ou alomenos pode deducirse a plena equiparación do estatuto xurídico de oficialidade do galego co do castelán no territorio de Galicia, iso é na nosa modesta opinión o mínimo que cabe esperar nun rexime democrático para o noso idioma.

Para rematar, o que nós propomos é un cambio sustancial na política lingüística que están a facer en Galicia case tódalas Administracións Públicas, política que moi ó noso pesar consideramos incoherente, insuficiente, falta dunha auténtica vontade normalizadora, improvisada e caótica; tamén propomos dende a nosa cativa tribuna que se revise a lexislación sobre a nosa lingua aproveitando tódalas regandixas que as sentencias deixan abertas, aproveitando a experiencia destes anos e fixando obxectivos, prazos, instrumentos e medios concretos dirixidos ó incremento cuantitativo e cualitativo do uso do idioma galego en tódolos eidos, públicos e privados.

O CONCELLO DE CATOIRA, A DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL E GOBERNACIÓN E O ARTIGO 11 DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Nos primeiros meses deste ano, o Concello de Catoira aprobou a convocatoria dunha oposición para cubrir unha praza de sub-escala Auxiliar de Administración Xeral. Nas bases de convocatoria (B.O.P. de Pontevedra do 14 de abril) incluíron un cuarto exercicio obligatorio consistente "na redacción en idioma galego, con axuda de diccionario, dun documento sinxelo de carácter administrativo" por un tempo máximo de trinta minutos.

O 21 de marzo, a Dirección Xeral de Administración Local e Gobernación da Consellería da Presidencia da

Xunta envía —coa sinatura do Conselleiro— un requerimento a este Concello no que se di que o acordo adoptado (referíndose concretamente ó exercicio devandito) "contravén o disposto no artigo 23 da Constitución" e que de non anular ou modificarlo acordo a Administración Autónoma interporá recurso contencioso-administrativo.

O Concello de Catoira contestou razoando o seu desacordo co requerimento recibido e obtivo como resposta un novo escrito —agora asinado polo Director Xeral— no que se ratifica no anterior "...entendendo que,

se o exercicio en galego ten o carácter de obligatorio, no que ó acada-la puntuación mínima o opositor queda eliminado, estase vulnerando o disposto no art. 23 da Constitución, non así se o exercicio do que se trata se plantexa con carácter voluntario que axude a mellora-la puntuación daqueles opositores que superasen os exercicios obligatorios". Ó cabio, o Concello de Catoira reconverteu o cuarto exercicio en voluntario non sen deixar constancia do seu desacordo e a súa protesta.

A nosa Asociación ofreceulle a súa axuda ó Concello de Catoira e mesmo intentou promover unha iniciativa conxunta de tódolos Grupos Parlamentarios (que votaron a favor da Lei de normalización) en exercicio das súas facultades de control de acción de goberno e do cumprimento das leis aprobadas.

En concreto, temos por unha banda o artigo 11 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, que di no seu apartado 2: "Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autónoma e Local, considerarase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional", artigo que non foi recorrido, que lexítima a actuación inicial do Concello de Catoira e que foi ignorado e incumprido polos autores dos requisitos, que son os primeiros obrigados a facelo cumplir. A ningún se lle debe escapar que a peculiar interpretación sostida e explicitada no segundo requisito significa nin más nin menos que nega-la oficialidade do galego e equipara-lo seu tratamento nas probas de acceso á función pública ó das linguas estranxeiras, das que se examina quen quere.

Pero ademais das leis de normalización, cómpre nestes supostos ter conta da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local (do Ministerio de Administración Territorial) do 16 de xaneiro de 1981; do apartado 4.2, do artigo 25.2.a, da Lei do Proceso Autonómico; do artigo 19.1.3. da Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública; mesmo dos artigos 341 e 461 da Lei Orgánica do Poder Xudicial; e do artigo 89.4 da Lei Xeral de Sanidade... A verdade é que estábamos afacéndonos a que algunha xurisprudencia (a máis abondosa pero non a mellor) se empeñase en deixar sen contido esta normativa a instancia dos Gobernadores Civís, o que non esperabamos é que órganos do propio Goberno Galego decidisen entrar nesta competición de despropósitos para impedir que sexa normal que os funcionarios que presten servicios en Galicia teñan que coñece-los dous idiomas oficiais.

o marco xurídico

POBOACIÓN E TERRITORIO. I

A) CONCEPTOS BÁSICOS TOCANTES Á RELACIÓN PERSONA-LUGAR

Domicilio: O concepto de domicilio é ben relevante para o derecho porque con el fixase polo xeral o lugar onde se exercen os dereitos e onde se cumplen as obrigas. Vén responder á idea de sede, localización ou ubicación xurídica da persoa.

Xuridicamente adóitase definilo como o lugar de residencia habitual das persoas; a habitualidade non é referible tanto ó cuantitativo (uns mínimos ou unha prolongación no tempo desa moradía) canto a unha vontade de establecemento que tampouco pode ser puramente subxectiva senón obxectivada, e a proba principal desta obxectivación ou exteriorización da vontade é a declaración ou inscripción nun rexistro, padrón, censo...

Este termo é utilizable tanto para as persoas físicas como para as xurídicas (neste caso falaremos de **domicilio social**).

Enderezo: Esta verba ten o valor de señas de referencia dunha persoa nas súas relacións coa administración ou con outras persoas. Ten pois unha connotación especificamente utilitaria e obxectivada. Poderíamos dicir para explicar isto que unha persoa pode sinalar como enderezo para efectos de comunicación ou notificación un apartado de correos, o despacho dun avogado ou unha xestoría, pero estes lugares non poden se-la súa residencia e menos ainda o seu domicilio.

Residencia: A residencia é un termo máis fáctico que propriamente xurídico para os efectos que agora nos interesan. Esta palabra cobre o campo semántico da acción, o efecto e o lugar de asentamento dunha persoa física. O elemento xuridicamente definitorio deste concepto vén dado, amais de polo seu valor xenérico, por tratarse dunha relación persoa-lugar que non implica en por si a nota de habitualidade, ou sexa, que se dea ou que se exteriorice unha vontade de fixeza nesa moradía.

Outra nota diferencial é que non cabe utilizar este vocábulo para as persoas xurídicas e institucións.

Nacionalidade: (Poden utilizarse como sinónimos *ciudadanía* ou mesmo *estatalidade* na liña da lingua xurídica xermánica). É o estatuto ou o vínculo xurídico que liga a un estado e unha persoa á que se lle confire ou recoñece este atributo. Este termo ten outro significado diferente do sinalado no derecho civil e internacional privado: é o propio da ciencia política e do derecho constitucional (arts. 2 da C. E. e 1 do E. A. G.) que vén se-lo de nación sen estado de seu. Tamén aquí poderíamos recorrer á doutrina xermánica (Meinecke) introducindo a dicotomía de Kulturnation e Staat-Nation e asimilándoo ó primeiro.

Sede: É o domicilio dunha entidade ou persoa xurídica (associación, empresa ou institución pública). O termo *sé* debe reservarse para as catedralicias.

Vecindade ou veciñanza: É a calidade ou o conxunto dos habitantes dunha comunidade ou asentamento territorial determinado, que pode ser un lugar, barrio, parroquia, concello...

Á relación veciño-lugar chamámosla en galego **veciñanza**. A veciñanza con maior relevancia xurídica é a municipal, porque ademais de se-la determinante para os dereitos e obrigas municipais e provinciais (sufraxio, tributos...) dela derivase a condición política de galego segundo o artigo 3.º do noso Estatuto de Autonomía.

B) A POBOACIÓN DOS CONCELLOS: TIPOLOXÍA

As persoas que residen no seu territorio ou término municipal constitúen a poboación dun concello. Ocorre que nun concello viven españoles e extranxeiros, hai maiores e menores de idade, persoas que residen nel habitualmente e outras que só o fan ás veces... e esta diversidade de circunstancias dá lugar a situacións xuridicamente diferenciadas.

O instrumento no que se relacionan e clasifican os diversos cidadáns dun concello é o Padrón Municipal de habitantes e tódolos habitantes que residan habitualmente nun concello deben empadroarse nel.

A primeira distinción que sempre facer é a de *residente* e *transeúnte*. Os transeúntes son os cidadáns españoles que circunstancialmente viven nun concello diferente do da súa residencia habitual; estes cidadáns manteñen a súa calidade de residentes no Padrón do concello onde residan habitualmente e poden inscribirse no Padrón do concello no que residen circunstancialmente como tales transeúntes. É este o único caso no que un cidadán español pode regularmente figurar inscrito nos Padróns Municipais de máis de un concello.

Os residentes son os habitantes que residen a cotío, de xeito habitual, nun concello determinado. A condición de residente adquírese cando se realiza a inscripción no Padrón, e dentro desta categoría distínguese:

Os **veciños**, que son os residentes que teñen ciudadanía española e son maiores de idade, e

Os **domiciliados**, que son os residentes menores de idade ou extranxeiros.

Como pode verse, na lexislación do réxime local, o concepto de *residente* leva aparellada a nota implícita de habitualidade, e dentro deles consideráronse veciños os que teñen plena capacidade de obrar e dereitos (específicamente, con carácter xeral, o de sufraxio activo e pasivo) por teren ciudadanía española e maioria de idade.

Os residentes que carecen dalgún destes dous atributos son os **domiciliados**; realmente, entendemos que as denominacións de *residentes* e *domiciliados* deberían estar trocadas, pero a lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, non mellorou neste punto a normativa local anterior.

En todo caso, os catro tipos de habitantes reseñados neste apartado teñen definidos en último termo por figuraren inscritos como tales no correspondente Padrón Municipal.

O conxunto dos residentes (veciños e domiciliados) constitúe a **poboación de derecho** do Concello. A **poboación de feito** vén dada polos residentes presentes ou efectivos e mailos transeúntes.

ANEXO LEGAL

A xeito de exemplos e como ilustración do dito engadimos algúns artigos de diversas normas nas que se manexan e definen estes vocabuloxos.

Art. 19.1 da Constitución: "Os españoles teñen dereito a elixir libre-

mente a súa residencia e a circularen por todo o territorio nacional” (ver tamén o artigo 18.2).

Art. 40.1 do Código Civil: “Para o exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigas civís, o domicilio das persoas naturais é o lugar da súa residencia habitual, e, no seu caso, o que determine a Lei de Enxuciamento Civil” (ver tamén o artigo 41 deste Código e os artigos 64-69 da Lei de Enxuciamento Civil).

Art. 3.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia: “Para efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia”.

Art. 45.1 da Lei Xeral Tributaria: “O domicilio, para efectos tributarios, será:

- a) Para as persoas naturais, o da súa residencia habitual; e
- b) Para as persoas xurídicas, o do seu domicilio social, sempre que

A LEI CAMBIARIA E DO CHEQUE. AS LINGUAS NO TRÁFICO MERCANTIL.

0. No B.O.E. do 19 de xullo de 1985 publicouse a Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque. O texto final (referíndonos á cuestión das linguas) contén significativas diferencias en relación co proxecto gubernamental, e imos dar conta delas e aproveitar esta exposición para proponer unha reflexión sobre a necesaria normalización do noso idioma nos ámbitos das actividades privadas e en especial das económicas; concretamente, salientámolo a importancia dos impresos de uso xeneralizado e de institucións que teñen un papel central nos procesos económicos, como son as financeiras.

De primeiras, cómpre sinalar que o artigo 51 do Código de Comercio vixente (de 1885) é unha das normas históricas do dereito español más respetuosas coa liberdade idiomática; di así: “Serán válidos e producirán obriga e acción en xuicio os contratos mercantís, calquera que sexa a forma e o idioma en que se celebren... con tal que conste a súa existencia por algúns dos medios que o derecho civil teña establecidos...”.

1. No proxecto de lei presentado polo Goberno (B.O.C.D. nº 113-1 de setembro de 1984) e con relación ós tres instrumentos mercantís regulados

nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e o enderezo dos seus negocios. Noutro caso atenderase ó lugar no que radiquen as ditas xestións ou enderezo” (véxase tamén o art. 46).

Lei reguladora das bases do réxime local:

Art. 15.1. “Todo español ou extranxeiro que viva en territorio español deberá estar empadroad no municipio no que resida habitualmente.

Quen viva en varios municipios deberá inscribirse naquel no que habitara durante máis tempo ó ano.

Para poder obte-la alta no Padrón nun municipio será necesario presenta-lo certificado de baixa no Padrón do municipio no que se residira anteriormente”.

Art. 15.2. “Os españois que, circunstancialmente, estean vivindo nun municipio que non sexa o da súa residencia habitual poderán inscribirse nel como transeúntes. Neste caso non será necesario cumplirlo disposto no terceiro parágrafo do número anterior”.

Art. 16.1. “A condición de residente adquírese no momento de realiza-la inscrición do Padrón. Os residentes clasificanse en veciños e domiciliados.

2. Son veciños os españois maiores de idade que residan habitualmente no término e figuren inscritos con tal carácter no Padrón.

3. Son domiciliados os españois menores de idade e os extranxeiros residentes habitualmente no término municipal en que como tales figuren inscritos no Padrón municipal.

4. Para os efectos electorais, os españois que residan no extranxeiro consideraranse veciños ou domiciliados no municipio no que figuraran inscritos no Padrón”.

(Ver tamén os arts. 12-17 do R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, e mais 80 e ss. do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais).

Xesús Costas Abreu

por esta lei (“letra de cambio”, “pagaré” e “cheque”) incluíase a seguinte fórmula: “o/a ... emitido/a e pagadeiro/a en España redactarase en todo caso en lingua castelá” (artigos 1, 93 e 105 do proxecto).

Tan irrespetuosas formulacións recibiron no Congreso 11 emendas que revelan intencions e instrumentacións técnicas diferentes; esquematicamente poderían resumirse así:

—Grupo Mixto, emenda 1, de supresión do devandito parágrafo.

—Grupo Basco, substitución por “a letra de cambio emitida e pagadeira en España redactarase en castelán ou en calquera outra lingua oficial dunha Comunidade Autónoma” coa xustificación de recoñecer unha realidade estatutaria e o principio de liberdade das partes, emenda 19.

—Minoría Catalana, emendas 43, 44, 50, para a “letra de cambio” e o “pagaré”, propoñendo para os contidos necesarios dos títulos a fórmula “a denominación de... inserta no texto mesmo do título e expresada no idioma empregado para a súa redacción” xustificándoa por se-la fórmula usada na Lei Uniforme de Xenebra, no anteproxecto da Comisión Xeral de Codificación e abri-la

posibilidade de usa-las linguas oficiais das Comunidades Autónomas. Para a “letra de cambio” e o “cheque” nas emendas 55 e 66 proponen unha fórmula do seguinte teor: “o/a... emitido/a e pagado/a en España redactarase en castelán. O/a que teña que surtir efectos dentro do territorio dunha Comunidade Autónoma que tivese recoñecido tamén outro idioma oficial poderá redactarse neste”, xustificándoa no principio de non discriminación por razón de lingua, nas previsións constitucionais e estatutarias e mais no artigo 51 do Código Mercantil.

Amais propoñan (emenda 54) a seguinte Disposición Adicional 3^a: “en ningún caso o incumplimiento do previsto nesta lei en relación coa lingua na que deben estenderse... producirá por este só motivo a invalidez dos mismos” coa mesma xustificación e finalidade.

—Grupo Popular, nas súas emendas 75, 148 e 155 propón a seguinte redacción: “a... emitida e pagadeira en España deberá redactarse en lingua española. Non obstante cando previsiblemente se supoña que a súa circulación en ningún momento excederá os límites dunha Comunidade

Autónoma, poderá estenderse na lingua oficial peculiar da mesma, se a tiver" xustificándoas porque "parece lóxico que... se poida estender en calquera das linguas oficiais, sempre que circule na propia Comunidade Autónoma".

2. O informe da Ponencia (marzo 1985, B.O.C.D. 113-1-3) rexeita totalmente a emenda 1 e provisoriamente as demais devanditas, mantendo a fórmula do proxecto gobernanmental.

3. Na Comisión lexislativa de Xusticia e Interior do Congreso (abril 1985) deuse un debate no que os voceiros dos Grupos Basco e Catalán mantiveron as súas emendas, dicindo que de se mante-la formulación gobernanmental recorrerían ó Tribunal Constitucional. O representante do Grupo Popular mantivo as súas coa precisión da circulación previsible dentro da Comunidade Autónoma con lingua de seu e facendo un aparte coa dificultade do euskeria. O Sr. Sotillo en nome do PSOE explicou que o texto do proxecto propugnaba o "bilingüismo", ou sexa, que o texto castelán era imprescindible pero non exclusivo, se ben por mor de que xa o Código de Comercio aceptaba a liberdade lingüística, e pronunciouse pola aceptación das emendas 50, 44 e 43 da Minoría Catalana, o que se fixo co voto contrario do Grupo Popular, e o texto destas emendas (coincidente

coa Lei Uniforme de Xenebra) será o que figure no Proxecto que o Congreso remite ó Senado no mes de maio.

4. No Senado, os Grupos Cataláuña ó Senado e Senadores Nacionalistas Bascos viñeron reproducir as súas emendas 54 e 19 do Congreso, emendas que foron desbotadas no informe da Ponencia, logo na Comisión foron retiradas por reduciren o enfoque lingüístico ós idiomas españois cando a nova redacción admite calquera idioma áñada que non sexa dos oficiais no Estado, de modo que o texto definitivo da lei consina neste aspecto a redacción da Lei Uniforme de Xenebra introducida pola Minoría Catalana.

5. Xa que logo, no texto da lei aprobado, témo-los artigos 1.º, primeiro, 94.º, primeiro, e 106.º, primeiro que din:

"A/o... deberá conter:

—A denominación de... inserta no texto mesmo do título expresada no idioma empregado para a sua redacción".

Como se ve este rexime lingüístico vén supostamente la substitución do principio de oficialidade polo xogo dos principios de liberdade e unicidade lingüística, de xeito que quen emita o título pode usar calquera idioma pero só un idioma en todo o texto.

Se baixamos dos principios ó concreto, é cousa sabida que os cheques

—por poñelo exemplo máis común— se estenden en talonarios deles fornecidos polo banco ou entidade financeira e pode ocorrer que a inercia, a falla de vontade... dea lugar a que estas institucións imponan a lingua ós utilizadores, e así é: as institucións financeiras non disponen de impresos en galego e impiden así ós que queiran exerce-la súa opción idiomática a prol da nosa lingua ou, noutros termos, os que enhéemo-los cheques usando o noso idioma andamos polo gume da legalidade.

No caso das letras de cambio o asunto é ben más grave: se temos en conta a Disposición Final primeira, segundo parágrafo, e sobre todo o artigo 37 da Lei do imposto sobre transmisiones patrimoniais e actos xurídicos documentados, este documento debe estenderse obligatoriamente nun modelo timbrado oficial, aprobado por Orde do 11 de abril deste ano (B.O.E. do 17), e como este modelo só está aprobado en castelán, volve implantarse a discriminación prevista no proxecto gobernanmental pola vía do célebre sistema "Vós dámeme a lei que xa vos darei eu o reglamento".

Vaia desde aquí a nosa solicitude a tódalas institucións financeiras e mais ó Goberno Central para que respeten o que esta lei sinala e a liberdade idiomática no uso destes títulos valores mercantís.

terminoloxía

CUESTIÓNS XERAIS (e III)

No número 8 de "L. e A" viaxmos por riba algúns aspectos xerais do labor planificador ou organizativo no eido da investigación terminolóxica. A pesar da conclusión de pobreza de medios e de falta de adicación, recoñeciamos tamén a existencia de iniciativas e traballo que, cando menos, van respondendo ás paulatinas esixencias léxicas, por un lado, e, por outro, pódennos ir axudando na elaboración de certos presupostos teórico-prácticos de por onde debe ir a creación terminolóxica.

Desde o punto de vista da terminoloxía administrativa e técnica en xeral, a verdade é que non hai moitos antecedentes que se poidan resaltar. Ata hai moi poucos anos a ausencia xeneralizada do galego nos niveis técnicos en conxunto levaba consigo a práctica inexistencia de calquera tipo de material. Dentro

deste tipo de material que chegou a ve-la luz podíamos citar as pequenas series de vocabularios de distintos oficios ou esferas (maquinaria, electrodomésticos, imaxe-son, farmacia, sanidade...) que elaboraron os colectivos culturais de Esquerda Galega na campaña normalizadora que levaba o lema "oficializa o teu idioma: escrebe galego", cadernos que non tiveron continuación. Outro exemplo de material publicado, quizais con maiores pretensións pero un tanto desigual, é o "Vocabulario galego de Formación Profesional" (editorial Celta; Lugo; 1984), da autoría de Manuel Celso Matalobos e Olga Díaz López.

Desde outro punto de vista, a incorporación do galego á vida oficial —máis ou menos efectiva— leva consigo o tratamento e a solución diaria e sistemática de numerosas cuestiós terminolóxicas. Nos

gabinetes lingüísticos e/ou de traducción de diversos órganos, como o Parlamento, o Servicio de Publicacións da Consellería da Presidencia, o Rectorado da Universidade Galega, a Radio-Televisión Galega ou a Sección de linguaxe administrativa do Instituto da Lingua Galega, vanse resolvendo moitas cuestiós que as esixencias léxicas demandan. Froito deste traballo, e por poñer uns modelos e resultados claros, consúltense por exemplo o D.O.G. do 14 de setembro de 1985, no que, a raíz da publicación dunha resolución da Consellería de Educación sobre actualización dos programas en diversas ramas de Formación Profesional, se está fixando un numeroso vocabulario técnico de diversas áreas. Igualmente, do uso cotián na radio pública, o Servicio de Normalización Lingüística da RTVG elaborou vocabularios sobre

varias ramas: eleccións, fútbol, meteoroxía, comercio... Nun ámbito más estrechamente vinculado á Administración, a confección de formularios de documentación municipal e dun vocabulario xurídico-administrativo na Sección de lingua administrativa do Instituto da Lingua Galega (organismo desde o que, desde hai anos, se vai aportando material ante o asesoramento e a colaboración requiridos) está fornecendo unha valiosa experiencia para a creación terminolóxica.

Precisamente esta existencia de diversos servicios traballando, entre outras cousas, na fixación e difusión da terminoloxía administrativa e técnica en xeral, foi o que fixo xurdi-la necesidade da actual coordinación que, a iniciativa da Consellería da Presidencia, se leva a cabo actualmente de maneira oficial.

Respecto do método xeneralizado de traballo, témonos que remitir ó número 5 desta revista (na que periodicamente tamén apare-

cen contribucións á confección do léxico administrativo, xudicial, etc.). Ali presentabamos un modelo de ficha lexicográfica que, en boa medida, reflexa o proceso que se segue normalmente para a habilitación de distintos términos para designar os novos conceptos ou denominacións. Aínda que carecemos das necesarias reflexións sobre os procedementos de creación terminolóxica, a mecánica habitual de traballo ten que pasar por unha serie de marcos: documentación e existencia de términos galegos que amplíen ou non o seu significado, equivalencias noutras linguas e especialmente en portugués, adecuación da solución ó sistema (posibilidade de colisión, ambigüidade...).

Este é tamén o procedemento que se segue noutros países con máis tradición e adicación no campo terminolóxico. E ó igual que proliferan os traballos e publicacións de carácter práctico —léxicos, vocabularios, nomenclaturas...—, estes van acompañados tanto de encontros e xornadas para debater

estes temas coma de cobertura de organismos que teñen como misión fundamental a de coordinar e difundir esta nova terminoloxía.

En Galicia, de momento, estas iniciativas son realmente escasas. A única reflexión de carácter teórico quizais sexa "A documentación dialectal no establecemento dunha lingua administrativa", de Antón Santamarina (Revista de Administración Galega n.º 1), conferencia dictada en Barcelona o 27/III/85, no ciclo "Tradición e modernitat en l'establiment del llenguaxe administratiu", organizado pola Escola d'Administración Pública de Catalunya. E quizais tamén a única iniciativa colectiva fose a da Asociación de funcionarios para a normalización lingüística en Galicia, que se acercou ó problema na celebración das "II Xornadas de Lingua e Administración (A fixación da lingua administrativa)", celebradas en Vigo en outubro de 1984.

Carlos Díaz Abraira

Recentemente, e por iniciativa da Consellería da Presidencia, comenzaron unhas reunións semanais nas que membros dos distintos servicios de traducción e normalización iremos tratando de darles solución a cuestións de tipo termino-

lógico e gramatical, das moitas que xorden de cotío. Desde aquí, iremos dando noticia das más importantes conclusións, de cara a lograr un emprego uniforme da lingua na súa vertente administrativa. Por suposto que as solucións adoptadas non

son irreversibles e están suxeitas á revisión que se coide necesaria. Aquí non nos imos extender en explicacións innecesarias, limitáremos a dar unhas aclaracións mínimas.

Estas son algunas das solucións adoptadas ata a data:

—Utilizar **garantir** (no canto de *garantizar), como verbo regular da 3.ª conjugación (segundo o modelo de partir: en garanto, ti garantes, el garante...; eu garanta, ti garantas...; garantise, garantira, etcétera...). Esta solución adoptouse por estar tomado o verbo do francés garantir, e por se-la solución adoptada tamén en portugués, catalán e italiano (frente ó castelán garantizar).

—Utilizar **parágrafo** (no canto de *párrafo), respetando así o étimo latino *paragraphus*. A redución a párrafo só a experimenta o castelán (no que tamén existe parágrafo, coas mesmas acepcións), mentres portugués, catalán, italiano e francés conservan a forma plena, orixinaria do latín. Parágrafo é, dentro dun escrito, cada unha das divisións que trata dun mesmo asunto.

—**Termino** e **término** poden ser usados indistintamente, como variante popular e culta, respectivamente, do latín *terminus*. Dado o emprego das dúas formas desde a etapa medieval (s. XIII) sen especialización nas súas acepcións, non parece que haxa necesidade na lingua moderna de facer ningunha diferenciación, polo que as dúas formas son perfectamente intercambiables en tódalas acepcións (como límite, fin, vocábulo, etc...; termo-término municipal; no termo/término de días, etc.).

—Utilizar **subhastar** e **subhasta**, con -h-, respetando o étimo da palabra (da frase "sub hasta vendere", porque unha hasta ou pica, como símbolo de propiedade pública, chantábase ante o lugar da venda dos bens dos debedores do fisco). Linguas como o portugués (en alternancia con subastar) e catalán conservan tamén o -h-.

—**Prexuício** (do latín *prejudicium*) é a forma única en galego tanto para 'dano, mal' ('causar un prexuício'), como para 'xuício previo' ou, en senso peyorativo, 'aprensión, escrúpulo'. Non se produciu, como en castelán, metátese para a forma co primeiro dos significados (perjuicio). O verbo correspondente é, polo tanto, prexudicar (causar un prexuício, un dano). En lingua administrativa, é moi frecuente, como sabemos, a fórmula sen prexuício de.

—Utiliza-la fórmula **para os efectos** (no canto de ós efectos), fórmula que indica finalidade, moi utilizada en contextos como "para os efectos do artigo...", "os trámites necesarios para o efecto...", etc.

Lingua e Administración

MODELOS DE DOCUMENTOS NOTARIAIS

O artigo 26 do Estatuto de Autonomía di literalmente: "Nestes concursos (a notarios e rexistradores) será mérito preferente a especialización en Dereito galego e o coñecemento do idioma do País".

O artigo 8º da Lei de Normalización Lingüística di: "Os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán. De non haber acordo entre as partes, empregaranse ámbalas dousas linguas".

Unha lectura destes dous preceptos conxugada coa do dereito dos ciudadáns a esixi-lo emprego do galego por parte dos funcionarios públicos lévanos a concluí-la necesidade de crea-los instrumentos que sirvan para facer efectivos tales dereitos. Un dos campos nos que este labor está ainda por facer é o dos rexistros públicos e notariados.

Precisamente por iso, pensamos na oportunidade de ofrecer modelos dos documentos más habituais empregados nas notarías e dos que en calquera momento poden ter que facer uso os notarios por un desexo expreso de calquera ciudadán. Aínda que por razóns de carácter práctico o ideal será ofrecer unha publicación única que recolla tódolos posibles modelos empezaremos por ir publicando en series sucesivas estes documentos como unha parte máis de "Lingua e Administración".

Inclúense en notas ó final algunas precisións respecto de termos utilizados na redacción dos modelos. Nalgúns casos seguramente haberá que volver ainda sobre algúns co fin de precisar más exactamente algunas nocións.

Victoriano González Aller
(Notario do Colexio de Pontevedra)

A) ACTA DE PRESENCIA

a) Con comparecencia

NUMERO

En..... (Na vila de / Na cidade de),

a primeiro de xaneiro de mil novecentos oitenta e

Ante min (1), , notario do Ilustre Colexio de ,

COMPARECE don , maior de idade, casado,

labrego, veciño de (con domicilio en ,

rúa / parroquia de , aldea (2) de),

con D.N.I. nº

INTERVÉN no seu propio nome.- Coido que ten interese léxitimo para esta acta

REQUÍREME para que compareza (3) nunha finca da súa propiedade, sita na parroquia de

municipio de (4) , que linda: Norte, ; Sur ; Leste ;

Oeste , e comprobe que está cerrada sobre si, facendo consta-las características do cerramento.

Acepto o requerimento.- Léolle ó comparecente, pola súa elección, a presente acta, que ratifica e firma (5).

De coñecelo e de todo o demais consignado neste instrumento público, redactado no presente prego, eu, o notario, dou fe.-

DILIXENCIA.- Ás dez horas e vinte minutos do mesmo día, comparezo na finca descrita, que me identifica o requirente, e acredito a realidade do seguinte:

A finca está cerrada polo Norte e mais polo Oeste por un cómaro de altura irregular; polo Leste, por unha sebe longo de todo o lindeiro (6), e polo Sur, por un valado dunha altura media de un metro, valado que a separa do camiño. Ten unha entrada polo Sur, desde o camiño, a través dunha cancela de madeira, sita na beira dereita do valado, ollando desde o camiño.- A cancela está pechada cun candado.

E non tendo más que facer constar, termino a presente diliencia, que redacto no meu despacho e vai extendida no mesmo prego da acta que a motiva.- Dou fe.

b) *Sen comparecencia*

NUMERO

En , miña residencia, a
Eu, , notario do
FAGO CONSTAR que, requerido por don , maior de idade, solteiro, médico, veciño de , rúa de , con D.N.I. nº , comparezo, sendo as doce horas do día de hoxe na casa número da rúa , nesta cidade, e comprobo por apreciación directa a realidade do seguinte:

Que na parede lateral esquerda, entrando, da dita casa, hai dúas fiestras á altura do primeiro andar (7) elevado a outras dúas á altura do segundo andar elevado. Tódalas fiestras abren cara a fóra. A casa consta de baixo e dous andares elevados.

Á esquerda, entrando, da mesma casa, existe unha edificación de planta baixa, que no momento da miña inspeción, se está a demolir.

E non interesando outras comprobacións, termino a presente acta, que leo ó requirente, quen se ratifica no requerimento e firma.

De coñecelo e de todo o demais consignado neste instrumento público, redactado en dous folios de clase..., serie..., números..., eu, o notario, dou fe.

B) ACTA DE NOTIFICACIÓN E REQUERIMENTO

REQUÍREME para que compareza no domicilio de don (circunstancias persoais) ós fins seguintes:

- 1º) Notificarle que
2º) Requirilo para que

Acepto o requerimento.- Léolle

DILIXENCIA.- Ás horas do mesmo día, comparezo no domicilio indicado e, atopando nel a quien me dixo se-lo interesado, don , fáolle sabe-la miña condición de notario e práctico a notificación e requerimento interesados por lectura da acta que precede, ofrézolle a correspondente cédula, que contén transcripción literal da acta, e advírtoo do prazo de que dispón para contestar, conforme ó Regulamento Notarial, prazo que tamén se consigna na cédula Decatado de todo o anterior, dáse por notificado e requerido, faise cargo da cédula e manifesta (ou: e nada manifesta polo momento)

(Se non se atopa ó requerido: e non atopando nel ó interesado, pero si a quien me dixo ser (a súa esposa / o seu irmán,) e chamarse , fáolle sabe-la miña condición de notario, léolle a acta que precede e ofrézolle cédula que contén transcripción literal da mesma, advertíndoo da obriga legal de facela chegar ó interesado e do prazo de que este dispón para contestar, conforme ó Regulamento notarial, prazo que tamén se consigna na cédula.- Decatado, faise cargo da cédula (ou: rexeita recibila cédula, polo que lle fago a oportuna advertencia).)

Léolle a presente diliencia

DILIXENCIA.- Ás do seguinte día, comparece ante min o (notificado / o requerido / o interesado) don , quen manifesta: “.....”

Léolle

C) ACTA DE NOTIFICACIÓN POR CARTA CERTIFICADA

REQUÍREME para que remita por correo certificado, con certificación de recepción, na oficina de correos de , un sobre que contén a carta obxecto da acta.- No sobre consta o seguinte enderezo: “.....”

Como resgado do certificado, entrégaseme un talón que di: “.....”
Dou fe.-

DILIXENCIA.- Hoxe, día , entrégaseme tarxeta que acredita a recepción da carta certificada.- A tarxeta di: “.....”
Dou fe.-

D) ACTA DE REFERENCIA

REQUÍREME para que interrogue a don e don (circunstancias persoais) sobre a veracidade dos seguintes feitos: “.....”

Acepto o requerimento.- E sendo as do mesmo día e atopándose ante min, no meu despacho notarial, as persoas indicadas, que me amosan os seus DD.NN.II. números respectivamente, léolle-lo requerimento interesado e, decatados, contestan: “.....”

Leo a presente acta, pola súa elección, a requirente e testemuñas (8) e firmano todos.-

De coñecelos e de todo o demais consignado neste instrumento público, extendido en dous pregos, de clase , serie , números , eu, o notario, dou fe.-

E) ACTA DE NOTORIEDADE DE APROVEITAMENTO DE AUGAS

NÚMERO

En
Eu, , notario do Ilustre Colexio de , FAGO CONSTAR: Que, con esta data e baixo o número indicado, incorporo ó meu protocolo xeral ordinario todas las actuacións practicadas nesta Notaría para acreditar por notoriedade o dereito ó aproveitamento de augas públicas do requirente don (circunstancias persoais).- Tales actuacións contéñense en (folios/pregos), que, co edicto incorporado, totalizan (folios).- Dou fe.

En
Ante min , notario (circunstancias persoais)
COMPARECE don (circunstancias persoais)
Ten, ó meu xuicio, capacidade e interese lexítimo para esta acta de notoriedade.

EXPÓN:

- I) Que é dono da seguinte finca, sita en (descripción, título, inscripción, etc. Vid. escritura de compravenda).
- II) Que para rega da finca descrita vén utilizando por si (e mailos seus causantes) desde hai más de vinte anos, en concepto de dono, pública, pacífica e ininterrompidamente, augas derivadas do río - O punto da toma de auga para a finca atópase a uns sete metros da estrema (9) Noroeste da mesma, onde se desvían cara ó interior desta. O volume de auga aproveitável é de litros por segundo, degaxando nas épocas de estiaxe.

Valora o aproveitamento en pesetas.
III) Isto exposto, o comparecente

REQUÍREME para que declare por notoriedade a usucapión do aproveitamento descrito, para os efectos do artigo 65 do Regulamento Hipotecario, aseverando a certeza da mesma, previamente advertido por min da súa responsabilidade en caso de falsidade.- E para acredita-la veracidade do exposto, ofrécmelo o testemuño (10) de don e don , ámbolos dous maiores de idade, propietarios e vecíos de , con DD.NN.II., respectivamente.

Acepto o requerimento.

Fago as reservas e advertencias legais, especialmente as de orde fiscal.

Léolle ó comparecente, pola súa elección, a presente acta, que ratifica e firma.-

De coñecelo e de todo o demais consignado neste instrumento público, extendido en , eu, o notario, dou fe.-

DILIXENCIA.- Ás horas do mesmo día, comparezo, acompañado do requirente e das testemuñas, na finca descrita, e comprobo por apreciación directa a realidade do aproveitamento, salvo o volume de auga aproveitable, que non puiden determinar, pero que, no momento da miña inspección, semella moi superior ó consignado.

A continuación da inspección persoal, lóalles ás testemuñas o requerimento inicial e, previamente advertidos da súa responsabilidade en caso de falsidade, manifestan o seguinte:

"Que é certo o declarado polo requirente, que posúe, por si e mailos seus causantes, en concepto de dono, pública, pacífica e ininterrompidamente desde hai máis de vinte anos o aproveitamento de augas que queda descrito. E que todo iso lles consta por razón de veciñanza"

E non tendo nada más que facer constar, termínio a presente dilixencia, que leo, pola súa elección, ás testemuñas, as cales se ratifican nas súas manifestacións.

De coñecelos e de todo o demais consignado, eu, o notario, dou fe.-

DILIXENCIA.- Hoxe expido edictos para a súa publicación no Boletín Oficial desta provincia e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de - O texto do edicto di:

"EDICTO.- Eu, , notario de , FAGO SABER: que nesta Notaría do meu cargo, a requerimento de don (circunstancias persoais), se tramita acta de notoriedade sobre adquisición por prescripción do dereito ó aproveitamento de augas públicas derivadas do río , para rega da seguinte finca: "....." .- O que fago público en cumprimento do disposto no artigo 70 do Regulamento Hipotecario, para que, dentro dos trinta días hábiles seguintes á publicación deste edicto, poidan comparecer nesta Notaría e expoñer e xustifica-los os seus dereitos cantas persoas se consideren prexudicadas.- En , a de - Dou fe.-

De todo o consignado, eu, o notario, dou fe.-

DILIXENCIA.- Para facer constar que no Boletín Oficial da Provincia de , número , de data , aparece publicado o edicto inserto na dilixencia anterior.- En , a de - Dou fe.-

DILIXENCIA.- Hoxe, , devólveseme o edicto remitido á Alcaldía de , con certificación do secretario do Concello e o visto e prace do señor alcalde, dos que coñeo as firmas, acreditativa de que tal edicto estivo exposto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante trinta días hábiles. O edicto queda incorporado a esta matriz.- Dou fe.-

DILIXENCIA DE NOTORIEDADE.- En , a de

Eu, , notario de

Vista a declaración xurada do requirente, practicada a inspección persoal do aproveitamento, examinadas as declaracions das testemuñas, publicado o edicto sen que houbera reclamacións nin se acreditará interposición de demanda a xuicio declarativo sobre o obxecto desta acta, na tramitación da cal se cumpliu o prescrito nos Regulamentos Hipotecario e Notarial, declaro verificada a notoriedade de que o requirente don é dono por usucapión do aproveitamento de augas descrito na exposición do requerimento inicial.- Dou fe.-

(1) Aquí utilizase a fórmula *ante min* pero é igualmente correcta a fórmula *perante min*.

(2) Cando se especifica o enderezo dunha persoa hai que ter en conta as distintas formas de facelo segundo se trate de núcleos urbanos ou rurais. No primeiro caso, o habitual é cita-la rúa, praza ou avenida, xunto co número do edificio, do piso e a letra correspondente. No segundo caso, dada a particular distribución territorial de Galicia, citarase polo nome da aldea ou lugar, parroquia e concello. Mesmo hai que ter en conta as peculiaridades de cada zona, segundo as cales nunhas zonas as entidades mínimas de poboación son aldeas, noutras lugares e noutras barrios.

(3) Utilizámolo termo *comparecer* de forma provisoria e á espera de atopar un termo máis preciso para estes contextos. En galego non parece admissible formar un verbo derivado de *persoa* (similar ó *personarse* do castelán).

(4) A propósito da utilización dos termos *municipio* e *concello*, véxase o artigo de Antón Santamarina no número 1 de "Lingua e Administración". Neste contexto vale igual *municipio* que *concello*, polo que no citado artigo se explica.

(5) *Firmar* e *asinhar* veñen sendo utilizados como sinónimos en galego. De tódolos xeitos, e ante a existencia no terreo notarial de tres formas distintas de identificación, a *rúbrica*, o *signo* e a *firma*, parece aconsellable utilizar *firma* e *firmar* para evitar posibles confusións entre os termos *signo* e *sinatura*.

(6) En galego, á parte de *lindeiro*, son varios os termos que se poden utilizar para indicar límite dunha finca ou separación entre fincas contiguas: *derrego*, *derregá*, *estrema*, *colleita*, entre outros possibles.

(7) *Andar*, *planta* e *piso* son sinónimos en determinados contextos, concretamente no que fai referencia á indicación das distintas divisións horizontais dun edificio. *Andar* presenta, sen embargo, a particularidade de que só se emprega para designar as divisións que están porriba do baixo. En consecuencia, non será correcto aplicalo ó *andar baixo*; pero si *planta baixa*.

(8) En galego utilizanse os termos *testemuñar* e *atestiguar* co significado de 'aseverar ou afirmar la realidade de algo visto ou oido'. *Testemuño* é a palabra que designa a declaración feita para afirmar ou aseverar un feito e *testemuña* (con xénero feminino) é a persoa que dá *testemuño*. A pesar de ser un termo perdido na fala (onde se viu desprazado polo castelán (*testigo*) debe recuperarse plenamente o seu uso.

(9) Ver nota 6

(10) Ver nota 8

bibliografía

ÁLVAREZ BLANCO, R., REGUEIRA FERNÁNDEZ, X. L. e MONTEAGUDO ROMERO, H., *Gramática galega*, Ed. Galaxia, Vigo, 1986.

Máis ca facer aquí unha reseña exhaustiva deste libro, convén sobre todo felicitarse pola súa aparición, por constituír un dos elementos primordiais dos que estaba necesitada a nosa lingua de cara á súa definitiva fixación e estandarización. Non se trata, como os autores indican no

límiar, dunha gramática prescritiva ou normativa, xa que “non sanciona sobre a corrección ou incorrección de usos do galego, áinda que, co criterio purista que a preside, se condonen aqueles que se deben a interferencias de linguas alleas”.

Seguindo un método próximo ó tradicional, esta Gramática trata de ser, sobre todo, unha descripción do estado actual do galego vivo, con alusións en moi contados casos á

historia da lingua e ás variantes dialectais.

Estamos pois ante unha obra que pode servir de base de traballo posteriores no campo da gramática, pero tamén como guía de aprendizaxe (sen ser un método de aprendizaxe) para falantes e non falantes do galego. Recomendable, desde logo, tanto pola súa calidade como pola súa sinxeleza na exposición para todo tipo de persoas interesadas no coñecemento da nosa lingua.

NORMATIVA SOBRE O EUSKERA

Acaba de aparecer un informe elaborado polo Servicio de Euskaldunización do Instituto Basco de Administración Pública, sobre a normativa referente ó euskera (1). Esta publicación, que ten como finalidade a difusión do coñecemento do marco legal do euskera, non pretende ser exhaustiva, posto que exclúe basicamente a normativa derogada na actualidade, normas de fomento que se adoitan renovar anualmente (céntrase fundamentalmente nas publicadas no ano 85) e o conxunto das normas de execución que non teñen carácter regulador (resolucións sobre adxudicación de axudas, convocatorias de postos de traballo, etc.). Con todo, xa na presentación se recolle a previsión de sucesivas actualizacións e a de publicación doutras recopilacións adicionadas a ámbitos que na presente son abordados moi por riba. O resultado é este amplio dossier que se estructura en 3 grandes bloques e 1 anexo.

1.º bloque. Nel recollense as principais normas legais que regulan o uso do euskera.

Nun primeiro apartado inclúese a normativa básica sobre o tema: Constitución española, tratados internacionais, Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización do Euskera, Lei Orgánica de Reintegración e Amelloramento para o caso de Navarra, así como as normas organizativas referidas á estructuración e funcionamento, basicamente, das institucións dos territorios de fala basca polo que fai ó idioma.

2.º bloque. É a recopilación das leis, normas e medidas de execución e aplicación da política lingüística. Ten catro grandes apartados, dedicados a ensino, alfabetización e euskaldunización de adultos, medios de comunicación e medidas de fomento (bolsas, subvencións e axudas tanto no ensino coma no eido cultural en xeral).

3.º bloque. Neste apartado recóllese a xurisprudencia aplicable ó tema: sentencias do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, fundamentos xurídicos das do Tribunal Constitucional (ademas dos recursos e conflictos de competencias re-

feridos ás diversas linguas) e sentencias do Tribunal Supremo.

No anexo, á parte do proxecto de lei navarro do euskera e das referencias normativas de Comunidades Autónomas que prevén nos seus Estatutos de Autonomía a protección da lingua propia (Asturias, Aragón, Cataluña no caso do aranés, Andalucía), figura unha recopilación das normas básicas das Comunidades que teñen dúas linguas oficiais: Cataluña, Galicia, País Valenciano e as Illas Baleares.

Remata esta completa publicación cun repertorio bibliográfico, cinguido ó aspecto do marco legal da lingua, dividido en tres apartados: bibliografía relativa ó euskera e ó País Vasco, ó Estado Español e a outras Comunidades Autónomas, e mais a outras linguas e países.

(1) Euskari buruzko araubidea / Normativa sobre el euskera. Herri-Arduralaritzaren Euskal Erakundea / Instituto Vasco de Administración Pública. Vitoria-Gasteiz. 1986. 404 pp.

C.D.A.

FEDERALISMO Y REGIONALISMO

CENTRO DE ESTUDIOS CONSTITUCIONALES 1979

En 1979 publicou o Centro de Estudios Constitucionais un volume titulado “Federalismo y regionalismo” dirixido polo profesor Trujillo. Contense neste libro un traballo de M. Aragón Reyes titulado “El tratamiento constitucional del multilingüismo”, adicado a expoñer las diferentes soluciones legales adopta-

das en diversos Estados europeos (e en especial en Bélgica e Italia) multilingües.

Considera este autor que Bélgica é un caso de “multilingüismo intenso”, acuñación esta coa que caracteriza a certos Estados onde coexisten en pé de igualdade distintas comunidades lingüísticas, onde

rexé a cooficialidade idiomática (que constitúe, en boa medida, o grao máximo do multilingüismo na súa consideración xurídica) e expón a evolución da regulación constitucional e legal neste Estado entre 1830 e 1973.

En troques, Italia configúrase como exemplo de “multilingüismo

residual”, situación que se define por non chegar a consagrar un estatuto xurídico de cooficialidade ou cando menos de igualdade idiomática, estudiando as revisións contidas nos Estatutos especiais do Val de Aosta e do Trentino-Alto Adige.

Remata este interesante estudio o autor devandito con dúas conclusiones ou consideracións finais:

1. O recoñecemento efectivo

TEXTOS JURIDICS

EDITORIAL BOSCH-BARCELONA

A Casa Editorial Bosch, S. A., de Barcelona, conta dentro do seu catálogo de publicacións cun apartado adicado á edición de textos xurídicos (baixo a denominación “TEXTOS JURIDICS”), no que se levan publicados desde o ano 1984 varios códigos de lexislación, con texto bilingüe (catalán e castelán).

Entre os textos publicados ata o de agora están os seguintes: *Codi Civil, Codi Penal i legislació complementaria de la Generalitat de Catalunya, Dret Urbanistic, Llei d'Enjudiciament Criminal i legislació complementària, Lleis polítiques de Catalunya*.

As edicións corren a cargo de profesores da Universidade de Barcelona, co asesoramento en lingua xurídica de persoas da propia Universidade e de institucións da

da pluralidade lingüística significa, amais da proscrición de calquera discriminación por causa do idioma, o establecemento de garantías adecuadas para facer real o exercicio do dereito de usar unha determinada lingua. Sinala tamén que o dereito a utilizar o idioma propio, máis ca un dereito individual, é un dereito colectivo.

2. O seccionalismo lingüístico é un dos seccionalismos sociais máis

relevantes politicamente; existe unha estreita relación entre multilingüismo e federalismo (en especial co intensivo) ou rexionalismo (en especial co residual), a pluralidade lingüística é un sinal indubidable da existencia de comunidades fortemente diferenciadas que os Estados teñen que recoñecer tanto por razóns de principio como por motivos de utilidade práctica (lexitimidade e eficacia do Estado).

X.C.A.

Generalitat de Catalunya, concretamente da Secció d'estudis de llengua catalana i llenguatge administratiu da Escola d'Administració Pública de Catalunya.

Labores do tipo que comentamos, non cabe dúbida que son dunha transcendencia moi grande para as linguas españolas diferentes do castelán, polo que supoñen de asentamento e fixación da lingua no rexistro administrativo e xurídico. A lingua, na súa vertente administrativa e xurídica, ten o seu fundamento nas leis polas que se guía a comunidade que a fala. De aí a importancia de dota-los idiomas distintos do castelán dese soporte legislativo.

A experiencia catalana debería unha vez máis servir de exemplo para facermos algo similar para o

galego, tanto desde o punto de vista da edición dos textos lexislativos básicos na nosa lingua, como desde o punto de vista do xeito de colaboración que habería que establecer entre institucións de tipo privado (editoriais) e público (Universidade, Goberno autónomo) para darles saída ós códigos lexislativos. Algunhas experiencias xa vai habendo, a través dos servicios de publicacións do Parlamento de Galicia e da Consellería da Presidencia (que contan cunha sección adicada a “Textos legais”), pero coidamos que insuficientes en canto non se aborde a traducción dos códigos lexislativos básicos polos que se rexen tanto as institucións como as persoas (Código Civil, Código Penal, Lei de Expropiación Forzosa, Lei de Procedemento Administrativo, etc.).

X. G.

Lingua e Administración

cuestiós de gramática

O XÉNERO DOS NOMBRES

Tanto as principais regras coma os casos de formación de xénero sonnوس fáciles de atopar nunha gramática ou en calquera libro de texto; pero malia a facilidade asimilatoria que representa este apartado morfolóxico, é un dos que ofrece máis erros nos escritos administrativos e que denota tamén a más clara deformación e antinaturalidade da lingua galega, debidas esencialmente á non culturalización do funcionariado na nosa lingua, que ainda está por facer.

Por iso imos ve-los casos más complicados do xénero dos substantivos con relacións de palabras e

algúns exemplos para fixa-la concordancia neses casos, con particular incidencia nas diferencias de xénero entre o galego e o castelán.

I.1. Hai uns cantos substantivos que teñen unha única forma, pero segundo o xénero teñen un significado diferente, tipo *a radio* ≠ *o radio*, *o garda* ≠ *a garda*, *o policía* ≠ *a policía*...

I.2. Outros que rematan en *-a* ou en *-e*, todos eles referentes a persoas, poden te-los dous xéneros á vez; neles o xénero márcase pola concordancia co artigo *e*/ou adxectivo: *o/a atleta*, *o/a camarada*, *o/a contratista*, *o/a dentista*, *o/a pa-*

triota, *o/a periodista*, *o/a tallista*, *o/a xornalista*; *o/a cantante*, *o/a herexe*, *o/a intérprete*...

Ex.: *A periodista* non tivo ningún problema en se enfrentar ó *contratista*.

A intérprete inglesa deulle nova vida ó *protagonista* da obra.

I.3. Debemos advertir que a actual situación socio-ideolóxica favorece unha natural tendencia a poñer en feminino determinados substantivos representativos de profesións realizadas xeral e tradicionalmente polo home e que no decurso do tempo só foron empregados en forma masculina. Polo tan-

to: *o académico / a académica, o administrativo / a administrativa, o auxiliar administrativo / a auxiliar administrativa, o avogado / a avogada, o carpinteiro / a carpinteira, o concellal / a concellala, o deputado / a deputada, o fontaneiro / a fontaneira, o médico / a médica, o presidente / a presidenta, o xefe / a xefa...*, que seguen xa unha liña aceptada tipo *o funcionario / a funcionaria, a porteira / o porteiro*.

II. Principais diferencias de xénero entre o galego e o castelán.

II.1. Adoitán ser femininos en galego:

II.1.A. Os substantivos que rematan en *-axe*:

a aldraxe, a bagaxe, a chantaxe, a curtametraxe, a engranaxe, a equipaxe, a follaxe, a homenaxe, a hospedaxe, a liñaxe, a linguaxe, a longametraxe, a marxe, a mensaxe, a metraxe, a moblaxe, a paisaxe, a pasaxe, a peaxe, a porcentaxe, a reportaxe, a rodaxe, a sabotaxe, a utillaxe, a viaxe, a viraxe...

Exs.: Os centros escolares non se poden manter á marxe da comunidade social na que se asentan.

Os realizadores galegos están a destacar no mundo do vídeo e da curtametraxe, xa que os problemas

económicos e técnicos impiden a realización de longametraxes.

Excepcións: *o garaxe, o paxe, o personaxe e o traxe*.

II.1.B. As palabras cultas de orixe grega rematadas en *-se*:

a análise, a eclipse, a énfase, a psicoanálise, a xénese...

Exs.: A proposición non de lei dese Grupo Parlamentario foi *a xénese* do que hoxe é unha lei moi importante en Galicia.

A hepatite é unha enfermidade sobre a que é obligatorio manter unha vixilancia intensiva e unha análise epidemiolóxica.

II.1.C. Outros nomes:

—a alma, a arma, a auga, a aula, a pantasma...

—a árbore, a arte, a cal ou a canle, a incre, a orde, a orixe, a ponte...

—a calor, a cor ou a color, a dor ou a dolor, a suor...

—a fin (= o remate) (frente a o fin (= a finalidade)).

Exs.: A actual *arte pictórica* galega está a acadar moita sona fóra de Galicia.

Nos meses de marzo e abril producíronse unha serie de alteracións

na vida cidadá, nas que tiveron que intervir repetidas veces as forzas de orde pública. A súa orixe foi o peche da terceira *canle* de televisión.

Pasarémo-la fin de semana a busca-la *pantasma* baixo a vella ponte, onde a auga é transparente e a calor suave.

II.2. Son substantivos masculinos en galego:

II.2.A. As letras do alfabeto: *o be, o efe, o xe...*

Exs.: *O iota, o ka, o uve dobre e mailo i grego* non son letras propias do alfabeto galego, senón doutros idiomas.

II.2.B. E unha variedade de nomes do tipo:

o acedume, o berce, o cal, o cár cere, o costume, o cume, o dote, o fel, o labor, o leite, os legumes, o lume, o mar, o mel, o nariz, o sal, o sangue, o sinal, o sorriso...

Exs.: Os laboratorios de investigación oceanográfica veñen realizando un importante *labor* relacionado cos seus fins más directos.

Vendemos queixo do país elaborado con *leite* fresco.

Consideramos que é positiva a campaña da Cruz Vermella polo *sangue* recollido.

Xosé Torres Romar

ALGÚNS ASPECTOS DA CONXUGACIÓN VERBAL (I)

A acentuación paroxítona ou grave na *primeira e segunda persoas do plural* dos tempos que a seguir se indican, que *non levan acento grá*

fico e que nós marcamos con letra negriña, é a correcta, normativa e común. A súa regresión debeuse a debese de xeito moi especial á co

rrección a través do modelo castelán.

Polo tanto temos:

—Modo indicativo:	-ar <i>progresabamos</i>	-er <i>bebiamos</i>	-ir <i>vivíamos</i>
—Pretérito imperfecto:	-ades <i>progresabades</i>	-eis <i>bebiades</i>	-isteis <i>viviades</i>
—Pret. pluscuamperfecto:	-aramos <i>cantaramos</i>	-eramos <i>comeramos</i>	-erímos <i>medirímos</i>
—Futuro do pretérito:	-arades <i>cantarades</i>	-erades <i>comerades</i>	-eríades <i>subiríades</i>
—Modo subxuntivo:	-ariam <i>andariamos</i>	-eriam <i>collieríamos</i>	-eríades <i>subiríades</i>
—Imperfecto:	-asemos <i>recordasemos</i>	-esimos <i>aprendesemos</i>	-esides <i>escribisemos</i>
	-ades <i>recordasedes</i>	-edes <i>aprendedesdes</i>	-edes <i>escribisedes</i>

Consecuentemente, vexámola súa relevancia no emprego da segunda forma no artigo (L. e A. número 6) e na postposición do pro-

nome átono. A continuación vexámolo-los seguintes exemplos con artigo e pronome:

Sempre acababámo-lo traballo

antes da hora / Acababámolo sempre antes da hora.

O EMPREGO DOS SIGNOS DE PUNTUACIÓN (II). A coma

A coma (,) é o signo de puntuación cun uso máis arbitrario. Representa graficamente unha pausa da linguaxe falada, na que non se

suspende totalmente a voz, entre as partes do discurso relacionadas tanto ideolóxica como gramaticalmente. Agora ben, nin tódalas pau

sas con que se modula a linguaxe falada se transcriben na escrita nin tódalas pausas que se sinalan na linguaxe escrita responden a pausas

da falada. Sucede simplemente que, por claridade ou vehemencia, se fan pausas tanto nun caso coma no outro.

Nas notas que seguen tentaremos enumera-los casos máis significativos de uso e tamén de non uso das comas. Na linguaxe administrativa é moi frecuente atopar un uso completamente anárquico e nada sistemático deste signo de puntuación. Comenzaremos polo segundo suposto.

A) CASOS NOS QUE NON SE USA A COMA:

A.1. Non se pon coma entre o verbo e calquera outro elemento da oración (suxeto, complemento) directamente unido a el (aínda que na linguaxe falada se poida facer unha pausa):

"Os membros das comisións exercerán os seus cargos con plena independencia".

É incorrecto: *"*Os membros das comisións, exercerán os seus cargos..."*.

"Os documentos e expedientes administrativos serán progresivamente normalizados". E non: *"*Os documentos e expedientes administrativos, serán progresivamente normalizados"*.

Esta regra soe transgredirse moi frecuentemente cando o suxeito é unha oración de relativo. O correcto será: *"Os que soliciten axudas deberán presentar-las instancias no prazo de 20 días"*, e non: *"*Os que soliciten axudas, deberán presentar-las instancias no prazo de 20 días"*.

A.2. Tampouco se pon coma regularmente diante dunha concuxión simple adverbial ("como, onde, cando..."), adversativa ("pero, mais..."), causal ("porque, pois..."), concessiva ("áinda que..."), condicional ou hipotética ("se..."), copulativa ("e, e mais..."), disxuntiva ("ou"), inductiva ("porque"), ou da final "para que".

Así pois, escribiremos:

"Facúltase á Administración para que adopte as medidas provisorias que considere convenientes".

"Non será necesaria a presentación da instancia cando así o determine o órgano competente".

"A reunión non pudo iniciarse ás dúas porque faltaba a metade dos convocados".

"A Asemblea Xeral, o Consello de Administración e a Comisión de Control actuarán con carácter colexiado".

De todas maneiras, esta regra conta con algunas excepcións; concretamente, cando se produce unha pausa evidente entre dúas cláusulas ou cando a concuxión "e" precede un elemento que non presenta completa uniformidade cos anteriores.

Un exemplo do primeiro sería:

"Isto non implica que en todo procedemento se dean tódolos actos de instrucción regulados na Lei, pois en moitos casos abondarán as alegacións aducidas polo interesado..."

Exemplo do segundo:

"O acordo debe ser tomado por maioria, e o presidente deberá asiná-la a acta na que figure o mesmo".

B) CASOS NOS QUE SE EMPREGA COMA:

É obligatorio o uso da coma nos seguintes casos:

1.º Entre os termos dunha enumeración non enlazados por concuxión (nomes, adjetivos, complementos do verbo, do nome ou do adjetivo, ou oracións): *"Consellería de Traballo, Industria e Turismo"; "A creación, modificación, refundición ou supresión de servicios, seccións, negociados e niveis asimilados realizarase por orde do titular do departamento respectivo"; "Os presidentes dos órganos de governo convocarán e clausurarán as sesións, visarán as actas, asinarán os certificados e vixiarán o cumprimento dos acordos".*

2.º Diante e detrás dunha oración intercalada noutra: *"O Consello da Xunta, logo de oídas as propostas, acordou a seguinte resolución..."; "É indispensable, para podermos chegar a un acordo, que cada un ceda un pouco da súa parte".*

3.º Diante do pronomé "que" explicativo, particularmente se pode haber dúbida de se debe interpretarse como tal ou como específico: *"O edificio de correos, que está situado no centro da vila, vai ser derrubado"*. Esta frase é distinta a outra na que non se coloque a coma (*"O edificio de correos que está situado..."*). No primeiro caso, a coma indica que non hai máis ca un edificio de correos na vila e que vai ser derrubado; no segundo indícase que vai ser derruba-

do o edificio situado no centro da vila pero non é o único que hai.

Outros exemplos similares: *"Os funcionarios da Xunta, que dependen da Consellería da Presidencia, protestan polas excesivas retencións"* (tódolos funcionarios dependen da Consellería da Presidencia e fixeron unha protesta), distinto de *"Os funcionarios da Xunta que dependen da Consellería da Presidencia protestan polas excesivas retencións"*.

"Os gandeiros da comarca, que teñen más de dez vacas, non reciben subvencións", distinto de *"Os gandeiros da comarca que teñen más de dez vacas non reciben subvencións"*.

4.º No lugar dun verbo elidido por ser repetición dun antes citado: *"Uns deben presenta-la documentación no rexistro; outros, (deberána presentar) por correo"; "Un dos novos contratados é médico e o outro, arquitecto"; "O concello de Vilanova está situado na costa; o de Boimorto, no interior".*

5.º Diante e detrás dunha expresión intercalada que aclara ou especifica un sustantivo anterior: *"Galicia, polas súas peculiares características, é un país apto para o gandería"; "Dona María Rei Rodríguez, Directora Xeral de Política Exterior, cesou no seu cargo".*

6.º Despois dun vocativo: *"Señor deputado, pode facer uso da palabra".*

7.º Diante e detrás dunha cláusula absoluta: *"Por fin, superadas tódalas dificultades, comenzaron as obras".*

8.º Diante e detrás das concuxións ou expresións concuxutivas cando están situadas no interior dunha frase (polo tanto, xa que logo, en consecuencia, por consecuente...): *"Estamos, polo tanto, obrigados a resolve-las necesidades dos marxinados"; "Esta é, por consecuiente, unha proposta que pode ser apoiada por todos".*

9.º Diante e detrás das expresións aclarativas ou confirmativas "ou ben, é dicir, isto é, ou sexa": *"Os prazos empezarán a contar dentro de 20 días, isto é, o 30 de xuño"*...

10.º Diante e detrás dunha serie de adverbios e expresións adverbiais do tipo "además, á parte diso, así e todo, nese caso, en efecto, daquela, en xeral, alomenos, non obstante...": *"Os actos de instrución constitúen, sen dúbida, os más importantes do procedemento"; "Os interesados nun expediente administrativo terán dereito a coñe-*

cer, en calquera momento, o estado da súa tramitación”; “Os documentos deberán presentarse con, alomenos, cinco días de antelación”.

Hai, á parte dos casos citados,

outros nos que a coma pode usarse ou non, dependendo do criterio de quen escribe, segundo se interprete ou non a existencia dunha pausa entre elementos da oración. Isto pode acontecer, por exemplo, entre

unha oración subordinada e a principal ou cando o verbo leva aposto un complemento: “*Cando os envíos se realicen por correo (,) deberán certificarse*”; “*Nese caso (,) é preferible facelo persoalmente*”.

Xermán García C.

modelos de documentos administrativos

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DE CONDUCTA CIDADÁ

Para clarifica-la situación da petición e emisión dos informes administrativos (policiais, municipais...) sobre a conducta das persoas e acomodaña ó réxime constitucional, promulgouse a Lei 68/80, do 1 de decembro (B.O.E. 2-XII-80), sobre expedición de certificacións e informes relativos á conducta dos cidadáns.

Basicamente, esta Lei regula unha declaración do interesado (que se fará nun modelo de impresu do que deben dispoñer tódolos Concellos e Gobernos Civís) que ten carácter de documento público formal e á que como tal lle son aplicables as normas sobre falsidade de documentos previstas no Código Penal.

Esta declaración é complementaria do certificado de antecedentes penais (isto é, sobre nos seus contidos o ámbito ó que este non chega: procedementos xudiciais en curso, medidas de seguridade, condenas por faltas, sancións gobernativas) e como regra xeral con estes dous documentos acreditase todo o relativo á conducta cidadá, ou, máis con-

D/dona nacido/a en o día / / ,
con D.N.I. n.º e endereço en

DECLARA, CONFORME Ó PREVISTO NA LEI 68/80, DO 1 DE DECEMBRO, E
CON COÑECEMENTO DAS RESPONSABILIDADES PREVISTAS NO CÓDIGO
PENAL EN CASO DE FALSIDADE, QUE:

- 1.- 1.a) se atopa inculpado ou procesado.
1.b) se lle aplicaron medidas de seguridade ou/nin está implicado en dilixencias seguidas en procedemento por aplicación da Lei de Perigosidade Social.
1.c) foi condenado en xuicio de faltas nos últimos tres anos.
1.d) se lle impuxeron sancións gobernativas en expedientes gobernativos sancionadores por feitos que gardan relación directa co obxecto do expediente para o que se presenta esta declaración nos últimos tres anos (exclúense as sancións impostas por actos meramente imprudentes ou infraccións de tráfico).

2.- Órgano xurisdiccional ou autoridade gobernativa que impuxo a sanción ou tramita o procedemento sancionador de de 198 ...

O/A DECLARANTE,

1. Póna “Si” ou “Non” nos espacios punteados.

2. Se nalgún dos catro apartados anteriores puxo que “Si”, sinale o órgano no que se lle segue procedemento ou que lle impuxo a sanción.

Código Penal:

Artigo 302: “Será castigado coas penas de prisión maior e multa de 30.000 a 300.000 pesetas o funcionario público que, abusando do seu oficio, cometiera falsidade: 4º) faltando á verdade na narración dos feitos”.

Artigo 303: “O particular que cometer en documento público ou oficial... algunha das falsidades designadas no artigo anterior será castigado coas penas de prisión menor e multa de 30.000 a 300.000 pts.”

cretamente, ós antecedentes no tocante a procedementos punitivos e sancionatorios pendentes e a sancións impostas a unha persoa.

Á parte do ámbito cuberto por estes dous documentos só quedan:

—Os informes sobre conducta da competencia do Ministerio de Defensa e mailos previstos na Regulamentación de armas e explosivos.

—Os informes solicitados polos xuíces instructores para incorporalos a procedementos criminais (art. 377 da Lei de Enxuciamento Criminal).

—Os que se prevéan noutra norma de rango legal, tendo en conta que esta cláusula de remate (prevista no art. 1 in fine desta Lei 68/80) introduce unha reserva de lei nesta materia.

Conforme pois á devandita Lei, o modelo de declaración ten que conter:

1.º Datos de identificación da persoa.

2.º Concorrencia ou non no interesado dalgunha das circunstancias previstas no artigo 2 da Lei 68/80; se concorre algunha delas, cómpre, amais de facelo constar, sinala-lo órgano (xudicial ou administrativo) que está a tramita-lo procedemento ou que impuxo a sanción.

3.º No impreso da declaración debe facerse consta-lo texto dos artigos 302.4.º e 303 do Código Penal (delitos de falsidade en documento público).

Cómpre ter en conta, para avaliar os antecedentes dunha persoa, o previsto no artigo 73 da Lei Orgánica 1/79 Xeral Penitenciaria (B.O.E. 5 outubro 79) que di o que segue:

“1. O condenado que cumprira a súa pena e o que dalgún outro modo extinguira a súa responsabilidade penal debe ser plenamente reintegrado no exercicio dos seus dereitos como cidadán.

2. Os antecedentes non poderán ser en ningún caso motivo de discriminación social ou xurídica”.

Un caso ben interesante de aplicación do exposto é a Resolución do 7 de febreiro de 1984 da Consellería da Presidencia (D.O.G. 28 febreiro 84) que, aceptando un recurso do Avogado do Estado, suprime o requisito da carencia de antecedentes penais nas bases para participar na convocatoria de probas para a selección de persoal.

Con máis razón, pois, a aplicación dos criterios constitucionais de igualdade e non discriminación, dereito á intimidade, presunción de inocencia... debe presidir todo o referente á petición, emisión e utilización de informes sobre a conducta das persoas por parte dun Concello ou de calquera outra institución; temos para nós que persisten graves e serios vicios a este respecto herdados da situación preconstitucional.

X.C.A.

novas

II CONGRESO INTERNACIONAL DA LINGUA CATALANA

Do 30 de abril ó 11 de maio de 1986 tiveron lugar nos Países Cataláns os actos do II Congreso Internacional da Lingua Catalana. A súa realización foi posible polo vieiro que abriu o I Congreso celebrado no ano 1906, que tivo por finalidade esencial a procura da normativización moderna da lingua catalana nas súas respectivas comunidades falantes e que deu o seu froito nos anos e decenios seguintes (1907: Institut de Estudios Catalans; 1913: fixación da ortografía; 1918: gramática; 1932: diccionario normativo...). O camiño da normalización xa estaba abondo simplificado e a lingua representaba internamente un conxunto coherente. O uso da lingua catalana estaba asegurado.

Mais a situación política durante corenta anos interrompeu de súpito esta normalización. O catalán como as demais linguas propias foi perseguido e arrenegado publicamente. Con todo, as linguas de ámbito territorial minoritario non morreron e a partir da década dos anos 70 comenzou o proceso recuperativo da normalización, que culminou, desde o punto de vista legal, co recoñecemento da súa ofi-

cialidade (Constitución, Estatutos de Autonomía, Leis de normalización lingüística).

Polo tanto, dado o novo marco xurídico, as actividades deste II Congreso xa se centraron más ben en estudos sociolingüísticos, dentro dun marco científico, para tratar os problemas e as cuestións relacionados coa unidade e usos da lingua catalana, e tamén para ver de estudiar la plena soberanía lingüística catalana no Principado de Andorra, a normalización en Cataluña, a procura da normalización no País Valenciano e nas Illas Baleares, e a demanda da normalización do catalán na franxa de Aragón, no Roussillon (Francia) e en Alguer (Sardenya). Isto é: por unha parte, optimismo esperanzador e, por outra, temor perante a coexistencia de dúas linguas con distintos estatus de poder, prestixio (supuesto), protección, etc. Xa que logo, a normalización sociolóxica da lingua catalana ainda atopa atracos importantes que cabe superar dentro do marco legal favorable e establecido.

Para a consecución destes obxectivos os diversos contidos dos estudos sociolingüísticos concretizá-

ronse en sete áreas de ámbito xeral e que se repartiron por toda a xeografía catalán-falante: 1. Plantexamentos e procesos de normalización lingüística (Lleida). 2. Socioloxía da lingua (Girona). 3. Lingüística social (Palma de Mallorca). 4. Medios de comunicación e novas tecnoloxías (Perpinyá). 5. Lingua e Dereito (Andorra). 6. Ensino (Tarragona). 7. Historia da lingua (Valencia). Amais de toda unha serie de actos, simposios, xornadas e exposicións de tipo cultural que serviron para realza-la lingua propia no grao de normalización que lle corresponde e que se realizaron en tódolos pobos, vilas e cidades dos Países Cataláns.

A participación foi numerosa e multidisciplinar en tódalas áreas científicas, e no II Congreso estiveron presentes tódalas institucións que dalgún xeito teñen peso no tocante ó mundo catalán-falante. Tamén cabe destacar, por unha banda, a organización, a xestión, a capacidade e maila vontade da Comisión Organizadora, dos poderes públicos autonómicos e dos congresistas, e, por outra banda, a mobilidade e sensibilización da opinión pública sobre os problemas da lingua catalana.

Xosé Torres Romar